

## 19 adegas da D.O. Ribeira Sacra presentan 60 viños en ProWein

A D.O. Ribeira Sacra regresa por sexta ocasión á Feira de Düsseldorf que se celebra do 19 ao 21 de marzo, despois de estrearse nesta cita en 2016. Faino a través do ICEX no pavillón de España (número 11, caseta L30).

Con máis de 25 anos de traxectoria ProWein ofrece numerosas oportunidades de negocio, que a fan feira internacional líder de viños e bebidas espirituosas. Convértese así nunha cita excelente para promocionar e dar a coñecer os viños de Ribeira Sacra no mercado internacional, onde cada vez son máis demandados e valorados. A D.O. Ribeira Sacra presenta nesta edición **60 viños, 13 viños brancos e 47 tintos**, ambos de diferentes anadas e variedades, pertencentes ás seguintes adegas:

- Adegas Ponte da Boga S.L.
- Adegas Vella Xeracións S.L.
- Adegas Saíñas C.B.
- Bodegas Petrón S.L.
- Bodegas Rectoral de Amandi SAU
- Don Bernardino S.L.
- EDV 2015 S.L.U.
- Finca Millara Bodegas y Viñedos
- Grupo Peago S.L.
- Moure Fernández, Rubén
- Pazo de la Cuesta S.L.U.
- Regina Viarum S.L.
- Régoa C.B.
- Rodríguez López, Víctor Manuel
- Ronsel do Sil S.L.
- Spanish Wine by Carlos Rodríguez
- Terrazas de Outeiro S.L.
- Tolo do Xisto S.L.
- Viñas de Belesar S.L.U.



RIBEIRA SACRA  
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 17 de marzo 2023

Toda a información da D.O. Ribeira Sacra en Prowein e o folleto coa lista de viños participantes pode consultarse na web <https://ribeirasacra.org/proximas-actividades-promocion/es>

Mentres tanto a D.O. Ribeira Sacra está inmersa na celebración das **Feiras do Viño** e despois de comezar con Chantada a pasada fin de semana, para os días 31 de marzo e 1 e 2 de abril celébrase a Feira do Viño de Amandi, en Sober.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra  
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España  
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265  
Comunicación: Marta 698 167 991  
Email: [comunicacion@ribeirasacra.org](mailto:comunicacion@ribeirasacra.org)